

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZAOITO DE SETEMBRO DE 2008, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a : MARGARITA DEVEESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as 20 horas 35 minutos do día dezaoto de setembro de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (17/07/2008).


Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezasete de xullo do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Acordo, se procede, sobre a designación do Xuiz de Paz substituto.

Retírase neste intre don José Alvela Edreira por razóns de parentesco cunha das persoas que participan neste proceso selectivo.

Dáse conta das solicitudes presentadas para a designación de Xuiz de Paz Substituto.

Tendo en conta o currículo e demais circunstancias dos aspirantes e previo informe da correspondente comisión informativa, o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda:



1º.- Designar como Xuíz de Paz Substituto a dona Marta María Albela Albela con DNI 44 826 490-L.

2º.- Dar traslado do acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3º.-Acordo, se procede, sobre as obras a incluír no Plan de Cooperación cos Concello (PCC) 2008-2011.

Dáse conta do Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña para a anualidade 2008.

Don Carlos Martinez, do grupo PP, solicita aclaración sobre si no proxecto de Ponte Ulla se entende tamén incluída a parte lindante de Santa Cruz, ao que se lle contesta afirmativamente.

Tendo en conta o informe da correspondente comisión informativa, o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda:

1.º) Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2008, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido, por orde de prioridade:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
<i>Ampliación de saneamiento y abastecimiento en Laraño</i>	109.450,36	10.945,04	98.505,32
<i>Ampliación de la red de abastecimiento en Ponte Ulla</i>	104.605,13	10.460,51	94.144,62
<i>Ampliación de saneamiento en el lugar de Matelo</i>	107.659,87	10.765,99	96.893,88
<i>Ampliación de saneamiento en el lugar de Paradela</i>	105.259,75	10.525,98	94.733,77


2º) Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

3.º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

4.º) Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

5.º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

6.º) Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite



que o concello está ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

7.º) Facultar ó alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

4º.- Acordo, se procede, sobre a ratificación do acordo sobre a obra de "Saneamento e Abastecemento en Vilanova-Ribadulla.Vedra (A Coruña). OH.515.862.

Dáse conta da publicación do anuncio de exposición ao público da aprobación do expediente de referencia OH.515.862, para a realización da obra pública "Saneamento e Abastecemento en Vilanova-Ribadulla.Vedra (A Coruña)" a executar neste municipio directamente pola Administración Hidráulica de Galicia e financiada na súa integridade por esta con cargo aos seus orzamentos, dentro do Plan Hidrolóxico de Galicia e das actuacións previstas na Programación de infraestruturas hidráulicas de abastecemento e saneamento en pequenos núcleos de poboación para o período 2008-2014, cun orzamento de 199.816,83 euros, no Boletín Oficial da Provincia núm. 208, de data 9 de setembro de 2008.

A Comiión propoñe ratificar a aprobación inicial da Xunta de Goberno Local, informando favorablemente a seguinte proposta:

- A conformidade ao proxecto da obra denominado "Saneamento e Abastecemento en Vilanova-Ribadulla.Vedra (A Coruña)", remitido polo concello a Augas de Galicia.

- Comprometerse a poñer a disposición da Administración Hidráulica de Galicia dos terreos e auga necesarios, libres de cargas e gravames, para a normal execución das obras.

- Comprometerse á entrega das autorizacións e permisos administrativos necesarios para a realización das obras.

- A renuncia expresa á retención de calquera tipo de taxa, licenza, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

- Comprometerse a asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, unha vezrepcionadas pola Administración Hidráulica e entregadas por esta ao concello, e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

Posto a votación, o Pleno, por unanimidade dos asitentes, acorda aporbar a citada proposta.

5º.- Acordo, se procede, sobre a designación dos días festivos locais para o calendario laboral 2009.

Dáse conta do escrito número 1736/08 da Consellería de Traballo, no que solicitan por parte do concello a designación de dous días festivos locais para o ano 2009.



Vista a proposta da Comisión de Asuntos Xerais en sesión celebrada o día dezaséis de setembro do ano que andamos, designando como festivos locais para o exercicio 2009 o día do Patio (21 de setembro) e Santa Baia (10 de decembro).

O Pleno acorda por unanimidade aprobar a citada proposta.

6º.- Acordo, se procede, sobre a Moción presentada polo Grupo Municipal BNG para a información pública e o seguimento das obras do tren de alta velocidade ao seu paso por Vedra.

Apróbase a urxencia deste punto por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da moción presentada polo grupo BNG, cuxa parte dispositiva dí:.

Á vista das obras do trazado do tren de alta velocidade e as consecuencias que se derivan das mesmas pola acumulación de terra e escombros no contorno, a correspondente comisión informativa, propón:

-Facer unha exposición pública do proxecto do Tren de Alta Velocidade ao seu paso por Vedra e de como vai ser a imaxe final do tren en Ponte Ulla, xa que modificará substancialmente a imaxe actual desta parroquia e mesmo a imaxe corporativa de Vedra.

-O Alcalde explicará que mecanismos de control se están levando a cabo para evitar a escorrentía de terra nas cercanías do río e en caso de non existir se esixirán polo Concello.

-Elaborarase e porase a disposición dos veciños e veciñas, así como grupos políticos, unha lista das pistas afectadas polo paso de camións.


-Establecerase unha limitación ao paso de camións de gran tonelaxe pola rúa de Ponte Ulla e estudarase en que outras pistas pode ser necesario establecer esa mesma limitación.

-Informarase á corporación e á opinión pública onde están autorizadas as escombreciras e comprobarase que só se depositan nelas terras e escombros, de non ser así adoptaránse as medidas oportunas para que se cumpra a legalidade.

-Comprobarase que as pistas abertas para as obras se adecúan ao proxecto orixinal, de non ser así, tomaranse as medidas oportunas.

-Esixirase a adopción das máis escrupulosas medidas de seguridade na obras, nas súas cercanías a zonas habitadas, de tránsito ou de patrimonio velando pola total seguridade de persoas, propiedades particulares e patrimonio do concello.

A Presidencia dá unha explicación ao respecto e expón que xa se adoptou acordo pola Xunta de Goberno con relación á utilización das pistas afectadas, dispoñéndose tamén do correspondente informe técnico



Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que a súa moción non trata de paralizar as obras senon de que se teña toda a información posible de cómo se levan a cabo as obras, de cómo van a quedar e de que non se deteriora o noso patrimonio nin vai a crear problemas para os veciños.

Que tal e como estaban redactados os acordos lidos polo Sr. Secretario, entendía que no concello habería algún proxecto de obra, pero como non é así debe modificar a proposta, que queda do seguinte xeito :

- Esixir que se reclame a ADIF unha copia do proxecto de obra do AVE ao seu paso por Vedra, incluído o que vai a ser a imaxe final do viaducto sobre o Ulla en San Xoán da Cova, que modificará substancialmente a imaxe actual deste lugar e mesmo a imaxe coporativa de Vedra, e expoñer públicamente estes datos.

- Esixir de ADIF que se expliquen os mecanismos de control que se están levando a cabo para evitar a escorrentía de terras nas ribeiras do río Ulla e poñer en coñecemento de Medio Ambiente o estado actual delas por causa das obras.

- O concello pondrá a disposición dos veciños/as e grupos político unha lista das pistas afectadas polo paso de camións.

- Establecerase unha limitación ao paso de camións de gran tonelaxe polo centro de Ponte Ulla ademais do xa acordado recentemente noutras pistas da parroquia.


- Esixirase de ADIF información de donde se sitúan as escombreciras durante as obras e comprobárase que só se deposita nelas terras e escombros e trasladárase esta información á opinión pública. De non haber escombreciras ou non se respectar o seu uso adoptáranse as medidas oportunas dende o concello.

- Unha vez que o concello teña o proxecto de obras comprobará que as pistas abertas se axustan a el, e de non ser así, adoptará as medidas necesarias para repoñer a legalidade.

- Esixirase de ADIF e da empresa adxudicataria das obras as máis escrupulosas medidas de seguridade nelas, especialmente nas zonas habitadas, nas de tránsito ou de patrimonio, velando pola seguridade de persoas, propiedades particulares e patrimonio do concello.

- Esixirase de ADIF, ou empresa adxudicataria das obras, garantía de que as pistas usadas e desmontes para as obras recuperen no posible o seu estado anterior unha vez remate o proxecto.

O Sr. Alveta, do TEGA, expón que ten que apoiar a moción porque o cumprimento das normas para a execución das obras non só é para os particulares senón para todos os entes incluso cando as obras sexan para unha administración. Que os servizos xurídicos do concello deberían coñecer a situación e propor a medida máis axeitada para garantir o cumprimento antes de que existan xa os problemas.



O Sr. Martínez, do PP, expón que ten que apoiar a moción e que está sorprendido de que toda esta información non esté no concello porque o levantamento de actas de expropiación foron no concello.

O Sr. Sánchez, do PSdeG-PSOE, intervén para dicir que se está pedindo o proxecto de obra, e que o proxecto que se expón ao público é no que figuran os terreos afectados e donde figuran tamén as escombres. Que son cousas distintas.

Que está conforme coa proposta pero que cambiaría a palabra "esixir" por "solicitar", e que sobre a ubicación da escombreira solicitaría información sobre si existe modificación xa que oficialmente sería en Sobredo.

Sobre a adopción das medida de seguridade nas obras entende que eso deberá facerse ante as autoridades laborais competentes.

Que xa se elaborou a lista de pistas afectadas e que se fíxo unha valoración do coste de reparación delas ante a posibilidade de que sufran danos, coa idea de solicitar un aval á empresa. Que coa comunicación a Medio Ambiente entende que as cuestión relativas á protección da ribeira do Ulla quedaría garantizada e, en todo caso, o recurso ou denuncia sempre se pode formalizar.

A Sra. Guitián, do BNG, pide manter a súa proposta tal e como está, porque tendo en conta que como a ribeira do Ulla xa ten terras amoroadas e empezan as épocas de choiva e que ADIF non tivo a deferencia de deixar estos datos a disposición do Concello antes de empezar, estamos ante unha situación na que temos dereito a esixir.

O Sr. Sanchez, do PSOE, contéstalle que para esixir hai que ter unha norma na cal ampararse.

Dona Xosefina, do BNG, dí que ao ser a ribeira do Ulla unha zona protexida, ten que existir esa norma aínda que a descoñezan. E que en canto á escombreira, si a ubicación indicada no proxecto de expropiación non se está usando é que deben estar facendo uso de outra, polo tanto, teño dereito a esixir, sobre todo si fose a gobernante, que se me diga cales son as outras. No tocante ás medidas de seguridade refírome a seguridade que haberá nas zonas habitadas e co patrimonio.

O Sr. Alvela, do TEGA, mantén o seu apoio á moción.

O Sr. Martínez, do PP, expón que sabe que ADIF está desafectando os terreos da escombreira, polo que é raro que a oposición teña mais información que o goberno.

Posto a votación o Pleno apróbase a nova proposta por unanimidade.

7º.- Acordo, se procede, sobre a Moción do Grupo Municipal BNG sobre servizo de comedor no CEIP de Ortigueira.



Declárase por unanimidade a urxencia deste punto.

Dáse conta da solicitude presentada polo grupo BNG solicitando que se concreten varios asuntos sobre a posta en funcionamento do servizo de comedor no CEIP de Ortigueira e da proposta da comisión de Asuntos Xerais, dos seguintes acordos:

1º.- Concretar o mes de inicio das obras que permitan empezar o servizo de comedor no CEIP de Ortigueira no curso 2008/2009.

2º.- Concretar como se vai afrontar ese custo de trinta mil euros (30.000 €), xa sexa adquirindo o compromiso de cara aos orzamentos do 2009 ou solicitando un crédito neste exercicio.

3º.- Poñer a disposición da ANPA provisionalmente un local e, así mesmo, poñerse en contacto con eles para outro tipo de solucións.

4º.- Solicitar, mentres tanto, subvencións ao respecto.

Dona Xosefina Guitián, do BNG, explica que entrega esta moción por urxencia, porque remata o prazo para solicitar as axudas para as ANPAS que poñen en funcionamento o servizo de comedor e que no colexo nin o director nin a ANPA teñen noticia de que o acordo plenario do 17/07/08 sobre este tema se levase a efecto.


Que non pode aceptar que non se teña posto o local alternativo a disposición da ANPA, nin que non se poida pedir un crédito para as obras, porque non se aprobara o plan de equilibrio.

Solicita que se aclare a noticia publicada en Tierras de Santiago o día 9/09/08 sobre a publicación de axudas da Consellería de Educación para a adaptación dun comedor no CEIP de Ortigueira, xa que de ser certo, existe partida para as obras.

O Sr. Alvela, do grupo TEGA, é partidario de incluír esa partida nos presupostos e acometer a obra coa maior brevidade, esperar uns meses mais non é problema e o importante é que as obras queden ben.

O Sr. Martínez, do PP, suscribe a proposta do BNG. Engade que é un servizo básico nun colexo público, para un sector da sociedade prioritario, e o gasto é insignificante para os orzamentos. Vai apoiar todas as iniciativas que propoñan a posta en funcionamento ao comedor xa, entendendo que o acordo do mes de xullo limita o prazo para a súa execución e posta en funcionamento do comedor a maio de 2009.

O Sr. Sánchez, do PSOE, propón a posibilidade do traslado dos usuarios do comedor a CPI de Vedra para o servizo de comedor. Dí que o local que queren cederlle é o centro de saúde e que está ocupado ata que remate o obradoiro de emprego, que as obras so se poden levar a cabo co financiamento do concello e que sobre as notas de prensa non teñen ningunha responsabilidade nin nada que dicir ao respecto.



A Sra. Gutian, do BNG, considera que é unha manioobra para culpar á oposición por non aprobar o plan de equilibrio financeiro e que a responsabilidade para negociar é do grupo de goberno non da oposición. Sobre as notas de prensa, independentemente de coñecer as fontes, como concelleiro de educación debería terse solicitado información sobre o asunto. Ante a posibilidade do funcionamento dun comedor financiado pola consellería, non se traslada aos nenos, trasládase a comida, porque polo contrario sería como adiantar o peche do colexio. En todo caso, concretar o mes de inicio das obras xa que algo haberá que facer dalgún xeito, concretar como se vai afrontar o custo das obras e tendo en conta que as alternativas nunca empezarán antes do 15/12/08 e poñerse en contacto coa ANPA para demostrar que existe compromiso co acordo plenario.

O Sr. Martinez, do PP, apio a proposta do BNG, dí que non se debe falar de negociar -transacionar sobre algo do que xa existía un acordo, que o que fai falla e chegar a un acordo, falar coa ANPA e buscar solucións válidas.

O Sr. Sánchez, do PSOE, aclara que o que quixo decir e que ningún grupo vai a transacionar sobre trinta mil euros. Ten que haber unha negociación, non unha imposición. Que o servizo de madrugadores que se acaba de poñer en funcionamento tardou tres anos en levarse a cabo, non se poden politizar os asuntos, que todos os grupos están de acordo, que se vai a ofrecer o local tan pronto sexa posible, que se lle estudará o traslado de nenos ou de comida, e que as obras vai a financiarlas o concello debendo remitirse aos presupostos.

A Sra. Guitian, do BNG, indica que en xuño non se lles dixo que esto fose un problema tan complexo como para levar tres anos a súa posta en funcionamento. Que si as obras non son posibles, a alternativa dun local non o vai a aceptar como definitivo, xa que seguirá demandando que se volva a implantar o centro de saúde en Santa Cruz.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a moción.

8º.-Acordo, se procede, sobre a denuncia presentada polo Grupo Municipal BNG sobre o funcionamento do Pavillón Polideportivo de Vedra.

Proposta a urxencia deste punto obtéñense seis votos a favor dos grupos PP e BNG, seis votos en contra do PSOE e unha abstención do TEGA porque lle falta información ao respecto e prefire deixalo para o Pleno de outubro.

Posto novamente a votación recházase a urxencia co voto de calidade da Presidencia.

9º.-Contestación a preguntas formuladas no Pleno anterior.

Pleno do mes de xuño e xullo:

--Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contesta-
lle



- Sobre a contratación de Miriam Fernández ésta foi contratada como monitora deportiva ante a baixa voluntaria do traballador que cubría este posto.

- Sobre a relación de todos os postos de traballo na que consten: funcións do posto, método de contratación e cando (nos que son eventuais), e se son prazas subvencionadas ou non, pode pedirillos a Cruz e ao Secretario.

- Sobre a conversacións que tivo o concello cos responsábeis do campo de golf de Lavacolla, a respecto da posibilidade de instalar un campo de golf en Vedra, dicir que ao concello só viñeron dúas persoas a pedir planos. Que oín dicir que tiveran unha reunión con algúns dos propietarios para comprar pero descoñezo o fin dos terreos. En canto á cuestión urbanística tería que facerse unha modificación puntual ao PXOM, e ten que aprobala a Xunta. Sobre a auga non hai ningún estudo feito porque non hai campo de golf, nin modificación tramitada nese sentido.

- Sobre a implantación do servizo "Madruga" no C.P.I de Vedra xa está funcionando.

--Ás preguntas do Sr. Alvela de TEGA, a Presidencia contéstalle:

- Sobre as obras na casa de cultura de San Miguel de Sarandón estas xa están practicamente rematadas.

- Sobre o arranxo da pista de Cimadevila - San Miguel de Sarandón, supoño que se refire ás do medio de Cimadevila, e estiveron comprobando o estado Oviga e vaise a aplicar un aglomerado con formigón porque é a única alternativa.

--Ás preguntas de don Carlos Martínez Martínez do PP, a Presidencia contéstalle:

-Sobre as desbrozadoras co concello, funcionan todo o ano as dúas salvo que un dos traballadores teña que usar a retroescavadora ou estén avariadas..

-Sobre a carpa xa se dixo no pleno de xuño que se espera comprar a finais de ano ou principios do próximo e que para as próximas festas xa estará operativa.


-Sobre o tema das obras do campo da festa de San Miguel é un proxecto de Deputación, vai lento xa que na 1ª fase queren recuperar as barcas no Río Ulla que aínda hoxe está sen adxudicar polo que a 2ª fase nin se sabe. Descoñecemos o motivo das lentitude.

-Sobre a instalación da antena de telefonía móbil no monte entre San Fins e San Xián, estaba incumplindo o regulamento urbanístico e requiriuselle que presentasen proxecto e que cumplisen os retranqueos.

--Ás preguntas do Sr. Costa do PP, a Presidencia contéstalle:

- Sobre si o Concello de Vedra saiu do GDR 24, dicir que Costa, xullo, GDR24, aínda estamos no grupo e a concelleira que está asistindo ás reunións e Ana Belén Picón Cotos.

- Sobre si os técnicos municipais e/ou Aquagest se faga un estudo do saneamento en San Xián de Sales dende o campo da festa (Cibrán) ata Paradela a fin de que á hora de executar as obras da estrada Vedra -Santa Lucía, xa contratada, queden as traídas correspondentes e logo non se teña que desfacer á vía para ins-



talar as redes de saneamento e auga, hai un proxecto de Deputación, e non sei si se contempla pero penso que non.

10º.- Rogos e Preguntas.

--Dona Xosefina R. Guitian do BNG preguntas e rogos:

1.- Que cómo se xestiona a área recreativa Agronovo? Si a xestiona o concello, unha entidade privada ou un convenio entre ambas? De ser por convenio, solicito coñecelo.

2.- Por qué non se colgou na páxina web do concello a convocatoria ao pleno deste mes?

3.- Cómo se vai a afrontar o déficit existente no concello se non se elabora un plan de equilibrio financeiro?

4.- Solicito tamén da concelleira de cultura a relación de subvencións outorgadas a entidades culturais no tempo que leva de xestión, sexa por subvención directa, colaboración ou convenio.

5.- Solicito que se lle pregunte á Consellería de Educación sobre as noticias aparecidas en prensa o día 9 de setembro nas que se dí que hai financiamento para o comedor de Ortigueira.

--O Sr. Albela de TEGA formula os seguintes rogos:

1.- Roga que se xestione a posibilidade dun centro de día.

2.- Roga que se ñoña interés en dispoñer dun campo de golf no municipio pola súa repercusión económica.

-O Sr. Martínez do PP, formula as seguintes preguntas:

1º.- En qué situación está o proxecto ou macroproxecto que se ía facer no campo da festa de San Miguel?

2º.- Cal é exactamente a situación da casa do ría, a ponte colgante e toda esa zona de Ximonde?

3º.- Vaise acondicionar a área recreativa ao lado do río Ulla en Ximonde?

4º.- Por qué marcaron uns topógrafos a pista de acceso ao campo da festa de San Miguel? Vaise ampliar? Si se lle colle terreo aos veciños afectados vaiselles compensar?

5º.- Por qué motivo as farolas na pista que baixa a Caxaraville son especiais?


6º.- Que pasa co asfaltado da pista dende os Sordoños á Besada (300 m en Cimadevila) prometida fai anos?

7º.- O acondicionamento da fonte de Cimadevila xa queda así? Que pasará cando alguén se vaia polo barranco sen protexer?

8º.- Cando se van a asfaltar as pistas de Cimadevila e da Pedreira?

9º.- Dónde están as beirarrúas que prometeron en Sarandón durante as eleccións?

10º.- Existe algún proxecto presupostado praa arrancar o tramo de estrada entre Bograo e a Ponte de Sarandón?



11º.- En relación coas obras que se están a facer xunto á Igrexa de Vedra, cal vai a ser o destino delas?

12º.- En relación coa promoción feita por VENGALICIA no lugar de Xián en Trobe:

A) por qué se concedeu a licenza de primeira ocupación cando parte da obra non está axustada nin á legalidade nin ao proxecto? Por exemplo o sistema de avacuación de augas fecais e residuais:

B) rogamos que, mentres non se solucione o dito problema, o Concello se fago cargo do vaciado e tratamento de ditas augas fecais e residuais cada mes, tal e como se está a facer noutros lugares de Vedra, como en San Xián.

C) Por qué se autorizou o proxecto construtivo para 12 vivendas unifamiliares cos seus respectivos xardíns e sistemas de rego, e actualmente 3 licenzas de piscina, donde para o abastecemento de auga de todo iso só se prevé un pozo de barrena?

D) Garantirá o Concello o subministro de auga potable si ese pozo non é suficiente para abastecer as vivendas e demais elementos das parcelas?

E) Cando ten previsto o Concello que chegue a rede de abastecemento de auga municipal á parroquia de Trobe?

F) Por qué se concedeu a licenza de primeira ocupación cando a empresa promotora non rehabilitou o muro que linda co camiño conforme o proxecto e a lexislación vixente, correndo agora a poucos meses de conceder a dita licenza perigo de derrube en varias zonas, sendo un grave problema de seguridade?

G) Vai facer algo o concello ao respecto?

13º.- Rogamos que na medida do posible se arranxen as pisas de Caldelas en Ponte Ulla.

14º.- Rogamos que cando por parte do concello se desbrocen as pistas, se limpen tamén de residuos as evacuacións pluviais dado que as herbas e ramas cortadas taponan as ditas canalizacións, inutilizándoas.

15º.- Permítasenos dar grazas ao concello de que, despois de moitos plenos sendo reclamado por esta parte, por fin se arranxou a marquesiña de Pousada, pero ¿a de Rozadela para cando?

16º.- Quén está utilizando a casa de cultura de San Xián? En qué días e con qué horarios? Cando e por qué se cambiaron as chaves desa casa? Está xa arranxado o tema da auga nos servizos? De qué xeito?

17º.- Rogamos que se limpen as silvas da pista polideportiva de Paradela e se retiren as follas.

18º.-Rogamos que se abran coa pala os camiños solicitados polos veciños e pola Asociación parroquial de San Xián, xa reclamados en varias ocasións.

19º.- Rogamos que se fagan as xestións oportunas para que as beirarrúas que se constrúan en San Xián coas obras de ampliación da estrada 8203, cheguen polo menos, a toda a zona urbana.

20º.- Solicitamos o encintado do muro do contorno da igrexa de San Xián, xa inicaído en lexislaturas anteriores.

21º.- Solicitamos a colocación dun contenedor grande ao lado do portal do cemiterio de San Xián.

22º.- Solicitamos a colocación dun contenedor amarelo en Romarís, tal e como demandan os veciños dese lugar.

Conclúe ó fio das vinte e tres horas e dez minutos.

